

Acordo do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Cambre (expediente IN407A 2025/117-1).

Expediente: IN407A 2025/117-1

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad S.A.

Denominación: Reglamentación LMTA SMC729 Soterramiento entre apoios AJOQKO70 //27-6 y AJPVHOUQ//27-7-CT

Termo municipal: Cambre

#### 1. Características técnicas:

Centro de transformación rural compacto prefabricado manobra exterior de 250 kVA, para substituír o CT intemperie existente Pombo Pravio (15AQ84).

Adecuación dun tramo da liña LMTA SMC729 debido a deficiencias actuais no apoio AJOQKO70//27-6 por mal estado xeral.

Desmontaxe da LMTA entre os apoios AJOQKO70//27-6 e AJPVHOUQ//27-7-CT, substituíndo o apoio de formigón existente 27-6 por un novo apoio metálico de celosía AM-C-2000-14-H-35 cun paso aéreo subterráneo ata o CT proxectado.

Liña de media tensión subterránea en condutor RHZ1-2OL 12/20KV 3x(1X240) Al a 15 kV, que terá o seu inicio no PAS proxectado no apoio 27-6 e final no novo CT proxectado. A lonxitude da liña subterránea de MT é de 13 m.

#### 2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de





autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).

- Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro de 2021).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalaciones-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,  
Isidoro Martínez Arca  
Director territorial

Asinado por: MARTINEZ ARCA, ISIDORO  
Cargo: Director territorial  
Data e hora: 03/02/2026 13:09:25





ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados. Termo municipal de Cambre

| Nº parcela | Paraxe<br>Referencia catastral    | Cultivo | Titular     | Afección de solo en pleno dominio |                | Afección de solo por<br>servidume de paso de<br>enerxía eléctrica |        |                       |                       |
|------------|-----------------------------------|---------|-------------|-----------------------------------|----------------|-------------------------------------------------------------------|--------|-----------------------|-----------------------|
|            |                                   |         |             | Apoio nº                          | m <sup>2</sup> | ml aé                                                             | ml sot | m <sup>2</sup><br>aér | m <sup>2</sup><br>sot |
| 1          | Lg Covelo<br>15017A012000720000ML | Urbana  | Descoñecido | APOIO + CT+ ACCESO                | 26.22          |                                                                   |        |                       |                       |

Abreviacións:

ml aé: lonxitude da servidume aérea en metros lineais

m<sup>2</sup> aé: superficie de servidume aérea en m<sup>2</sup>

ml sot: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais

m<sup>2</sup> sot: superficie de servidume soterrada

